

Nota Sectorial

Mercado de autopartes en México



Esta nota sectorial foi realizada por
José Ares López

Baixo a supervisión da Antena Igape México

Febreiro 2022



EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE: A información e os contidos incluídos neste documento non teñen carácter vinculante, pois se trata dun servizo ofrecido cun carácter informativo e divulgativo. Tampouco representan a opinión da Antena Igape México, que non se responsabiliza do uso que poida facerse deles.

Índice de contidos


1. Introducción.....	5
2. Características do mercado.....	6
2.1 Definición do sector.....	6
2.2 Tamaño do mercado.....	6
2.3 Principais axentes dentro do sector.....	8
2.4 Oportunidades no mercado	10
3. Acceso ó mercado	11
3.1 Canles de Distribución	11
3.2 Barreiras reglamentarias e non reglamentarias	13
3.3 Incentivos e axudas ó sector	13
4. Feiras e eventos	15
5. Empresas galegas de autopartes en México	15

1. Introducción

O obxectivo desta nota sectorial é ofrecer unha visión global do mercado das autopartes en México a fin de facilitar a súa comprensión e un posible acceso a este sector para as empresas galegas.

O sector automotriz de México é moi importante para o país, en canto representa o 3,6% do PIB total y el 18,7% do PIB do sector industrial. Actualmente xera ao redor de 1 millón de empregos formais e representa o 13,3% sobre o total da inversión extranxeira directa.

Imaxe 1. Venta de vehículos lixeiros en México no 2021



Fonte: Industria Nacional de Autopartes (INA)

O mercado automotriz en México é un mercado e un sector xa maduros e no cal teñen gran presenza marcas de Estados Unidos, Alemaña, China e Xapón. Países que coinciden con aqueles que máis exportacións realizan ó país. A pesar de ser un sector xa maduro, presenta oportunidades para aquelas empresas galegas que queiran establecerse en territorio nacional, como por exemplo a súa localización ou o custo da man de obra.

É aconsellable entrar ó país baixo a tutela dun axente aduanal para asegurarse de que se cumpren todos os requisitos legais e especificacións do produto que sexan requeridos para operar no país.

2. Características do mercado

2.1 Definición do sector


O sector de autopartes está composto por todas as pezas e compoñentes que se montan nun automóbil. Abarca produtos e equipos como: carrocerías e remolques, motores e as súas partes, sistemas de dirección, sistemas de suspensión, sistemas de freado e compoñentes, que se clasifican nas seguintes partidas arancelarias:

- **8706:** Chasis de vehículos automóviles das partidas 87.01 a 87.05, equipados co seu motor.
- **8707:** Carrocerías de vehículos automóviles das partidas 87.01 a 87.05, incluídas as cabinas.
- **8708:** Partes e accesorios de vehículos automóviles das partidas 87.01 a 87.05.

2.2 Tamaño do mercado

Dacuerdo con datos da Industria Nacional de Autopartes (INA), o valor da produción local de autopartes no 2021 foi de 94 millóns de dólares, e no 2020, de 78.439 millóns. Pronostícase un crecemento dun 1,05% para o cerre do presente ano, o cal representaría 98 millóns de dólares en valor de produción de autopartes. Durante o período xaneiro - xullo de 2021 rexistrouse un incremento do 18,3 % de vehículos comercializados en comparación co mesmo período do ano anterior, durante a pandemia de COVID-19.

Gráfico 1. Principais estados produtores de autopartes



Fonte: Elaboración propia a partir de datos Alianza Automotriz

As autopartes supoñen o maior monto das exportacións do sector automoción mexicano a Estados Unidos según a Industria Nacional de Autopartes (INA), onde México ten un superávit comercial de 10.408 millóns de

dólares. Dentro da produción total da industria, México enviou o 89,9 % do valor da súa produción aos Estados Unidos durante os primeiros cinco meses do 2021 (29.395 MUSD), para abastecer a 16 plantas de autos lixeiros no mercado estadounidense.

A industria automotriz e de autopartes de México, non foi allea ó problema de desabastecemento de semicondutores, o cal afectou fortemente, provocando o descenso da produción.

Táboa 1. Autopartes máis exportadas por México

Autopartes máis exportadas por México (MUSD)	
Arneses, fíos e cables	3.811
Partes acuñadas e accesorios para carrocería	2.216
Asentos e as súas partes	2.215
Caixas de cambio e as súas partes	1.703
Mecanismos de freos	1.385
Motores de combustión interna	1.245
Aparellos de alumeado ou sinalización visual	1.207
Aparellos de aire acondicionado	1.147
Eixos con diferencial e as súas partes	1.078
Bolsas de aire y cinturones de seguridad	1.037
Total	32.697

Fonte: Industria Nacional de Autopartes

En canto ás autopartes importadas para o mercado de repostos, o 55 % destas compras as realizan fabricantes de autopartes para complementar as liñas do que manufacturan localmente con produtos que non producen, un 25 % corresponde a cadeas de tendas multinacionais, o 9 % das compras son de maioristas/distribuidoras, das que un 3 % é rexistrado por cadeas de refacciones, co obxectivo de diminuílos custos e mellorar a súa competitividade segundo a revista Automotores Informa.

Táboa 2. Autopartes máis importadas por México

Autopartes máis importadas por México (MUSD)	
Partes acuñadas e accesorios para carrocería	1.375
Compoñentes para caixas de cambios	1.358
Compoñentes para dispositivos de audio/video	1.090
Motores de combustión interna	956
Compoñentes de arneses	917
Compoñentes para freos	914
Compoñentes para eixos con diferencial	710
Compoñentes para bolsa de aire e cinturóns de seguridade	699
Compoñentes para sistemas de dirección	638
Compoñentes para asentos	484
Total	22.289

Fonte: Industria Nacional de Autopartes

Na seguinte táboa pódense ver as cifras de importacións de autopartes por país de orixe, que en valor equivaldrían aproximadamente ó 27 % do que se produce localmente.

Táboa 3. Orixe das importacións de México de autopartes

Importacións de México de autopartes (MUSD)				
Partidas 8706, 8707 y 8708				
Exportadores	2017	2018	2019	2020
Estados Unidos	14.580.482	15.483.750	15.259.615	12.135.542
China	2.029.201	2.308.965	2.436.790	2.126.004
Alemaña	1.723.529	2.143.573	2.339.709	1.710.897
Xapón	1.924.394	1.968.063	1.732.887	1.560.091
Canadá	1.084.310	1.334.258	1.348.363	1.147.484
Corea do Sur	1.381.173	1.306.432	1.227.231	1.053.485
Italia	419.722	508.375	514.860	371.574
India	280.788	297.915	290.288	217.620
Tailandia	292.257	221.427	273.656	179.256
España	203.679	211.933	201.800	157.756
Total	25.001.452	27.057.200	26.951.803	21.680.171

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Trademap

Según datos da Secretaría de Economía, a industria automotriz mexicana recibiu 79.735,9 MUSD por concepto de Inversión Extranxeira Directa (IED) entre 1999 e 2020, o cal representou 13,1 % do total da inversión recibida en México en dito período. O subsector de autopartes recibiu o 56 % do total, a Fabricación de Vehículos Lixeiros o 41 % e a Fabricación de Vehículos Pesados recibiu un 3 % (MMS México).

O emprego que xera o sector das autopartes é outro indicativo da súa relevancia: 866.000 empregos no 2021 según a INA.

2.3 Principais axentes dentro do sector

Como axentes principais dentro do sector vamos a diferenciar aos seguintes: as armadoras, as empresas de autopartes e os provedores das propias empresas de autopartes.

- As **armadoras** son grandes fabricantes de automóviles (*Original Equipment Manufacturer*) e xuntas aglutinan entre o 15 e o 20 por cento da fabricación total de autopartes. As armadoras son os axentes decisivos en calquera aspecto do produto, impoñendo condicións a seus provedores, tanto en certificacións de produto, requisitos de calidade moi esixentes ou outros aspectos como a ubicación, factor que condiciona os tempos de entrega.
- As **Tier 1** fabrican ao redor do 85% dos compoñentes, e son empresas de autopartes que fabrican e suministran os compoñentes que precisan as armadoras para o montaxe dos automóviles.
- No **Tier 2** encontramos empresas proveedoras das empresas Tier 1. Estas lle suministran pezas para que poidan elaborar os compoñentes que necesitan as empresas armadoras.

- As **Tier 3** fabricantes de produtos semielaborados e materias primas que suministran ós fabricantes de compoñentes.

As empresas dentro dos Tier 2 e 3 están divididas en subsectores dentro da cadea de suministro da industria de autopartes. Neste sentido, se encontran empresas relacionadas ca fundición, forxado, estampación, moldeado, mecanizado, soldadura, loxística, etc.

México ten unha industria de autopartes competitiva, integrada por máis de 30 OEM's e **máis de 600 empresas** de primeiro, segundo e tercer nivel. Entre as empresas mexicanas fabricantes de autopartes se encontran Vitro, Nematik, ConduMex, Industrias Cazel, Bocar Group, GIS, Forza Global Solutions, Metalsa y Rassini.

Algunhas compañías internacionais do sector presentes no país son Continental e Bosch (alemanas); Delphi, APTIV e Federal Mogul (estadounidenses); Magna (canadiense); Yazaki y Hitachi (xaponesas); Johnson Controls (irlandesa), o Faurecia (francesa).

Imaxe 2. Provedores de autopartes en México



Fonte: Industria Nacional de Autopartes (INA)

Por outra parte, hai que mencionar que a industria automotriz mexicana se encontra nunha etapa avanzada de **asociación en clústeres**. Os diferentes clústeres rexionais inclúen a produtores, provedores de servizos, empresas e institucións vinculados do sector, xerando colaboracións e sinerxias para desenvolver a industria, baixo a participación destes actores clave.

Recentemente formouse a **Rede Nacional de Clústeres da Industria Automotriz**, conformada por 10 clústeres, que ten como obxectivo desenvolver estratexias de vinculación entre provedores e compradores para aumentar as oportunidades de negocio no sector.

2.4 Oportunidades no mercado

México posicionouse como unha plataforma para o desenvolvemento e a fabricación de vehículos, autopartes e compoñentes cos máis altos e estrictos estándares de calidade internacional cunha traxectoria de máis de un século. Isto fixo posible que importantes armadoras elixan a México como localización para fabricar os seus produtos e exportalos a mercados dunha gran entidade como pode ser Estados Unidos. Algunhas das **vantaxes** do mercado mexicano son:

- A **ubicación xeográfica**: estratéxicamente situado para distribuir automóviles e súas partes a Estados Unidos, Sudamérica e outras rexións do mundo gracias a que se encontra onde conflúen os dous corredores de mercancías máis importantes de Norteamérica, o cal ten unha repercusión directa nos custos loxísticos.
- Os **custos de produción**: máis baixos que en América do Norte ou Europa. Impulsados por unha man de obra máis barata que en China, Turquía ou Marrocos.
- México conta cunha ampla **cadea de suministros** con man de obra cualificada e competitiva organizada en clústers.
- Pola súa apertura comercial e tamaño do seu mercado, México **acolle todo tipo de produtos**. México pasou de ser responsable do 3,09 % das **exportacións mundiais** do capítulo 87 (vehículos) en 2009, ó 6,7 % en 2019, mostra do crecemento que está experimentando. A **gran extensión dos acordos comerciais** que firmou México dá acceso a 46 mercados diferentes a través de 12 Tratados de Libre Comercio:

➤ En virtude do **Tratado de Libre Comercio entre México e a Unión Europea (TLCUEM)**, dende o ano 2000 a maioría dos produtos industriais importados da UE están exentos de aranceis, suxeitos ás Regras de Orixe. En abril do 2020 concluíron as negociacións entre ambas rexións para a súa modernización, que se espera que se ratifique nos próximos meses. Tras isto, aproximadamente o 55 % das Regras de Orixe Específicas (ROE) flexibilizaranse para incluír novos procesos produtivos das industrias mexicanas e europeas. En materia de **inversión**, se inclúen medidas para facilitar ás empresas da UE invertir en México e fixar regras para protexer ós inversores fronte un trato inxusto por parte dos gobernos.

➤ Do novo **Tratado T-MEC** (México, Estados Unidos e Canadá), **que entrou en vigor en xullo do 2020**, é de gran relevancia a modificación das **regras de orixe** de tal forma que agora, para que un auto se considere produto da rexión e que, por tanto, se poida exportar libre de aranceis, o 75% do seu contido terá que provir dalgún dos tres países firmantes. Este porcentaxe é máis restritivo que o TLCAN que establecía un requirimento do 62,5%. Isto fará que provedores internacionais busquen instalarse no país para acceder ó mercado estadounidense. Segundo o Clúster Automotriz de Nuevo León (CLAUT), a industria Tier 2 está pouco desenvolvida como herdanza do TLCAN, xa que tradicionalmente importábanse gran parte destes compoñentes. Existen unhas

600 Tier 1 no país, polo que correspondería que hubiera unhas 4.000 o 5.000 Tier 2. Sen embargo, só existen unhas 500, polo que hai un importante nicho sen cubrir neste mercado. Isto supón un reto e a oportunidade de desenvolver **máis Tier 2 locais**.

Por outra banda, existen tamén esixencias en canto ó **contido laboral** das autopartes para ser consideradas mexicanas, que poden consultarse no texto do acordo¹.

Por outro lado, existen **tres grandes tendencias** que poden xerar novas oportunidades no sector:

- **Electrificación, produción de vehículos eléctricos e híbridos:** Estanse a desenvolver políticas de electrificación nos principais mercados de consumo: UE, EE. UU. e China. Estados Unidos, principal destino das exportacións de México, está potenciando a mobilidade sostible e México está traballando na electrificación da súa industria, apoiando a adaptación dos centros de produción ós novos modelos. Os movementos das grandes empresas automotrices van na mesma liña: Toyota anunciou o lanzamento de quince modelos totalmente eléctricos para 2025. GM incrementou a 35.000 MUSD a súa inversión nos próximos catro anos neste tipo de mobilidade. Ford visualiza que o 40 % das súas vendas sexan unidades eléctricas en 2030 e Nissan espera lanzar na próxima década únicamente vehículos eléctricos en mercados estratéxicos (*Líder Empresarial*).
- **Rexionalización ou *nearshoring*:** a pandemia puxo de manifesto a importancia de ter unha rápida capacidade de reacción ante acontecementos inesperados, así como o inapropiado dunha alta dependencia do transporte de larga distancia, o que influíu nos provedores para establecer as súas fábricas máis cerca dos principais mercados de consumo. México beneficiouse do *nearshoring*, tendencia que se espera que continúe a medio prazo. Percíbese interese por deslocalizar dende China, Europa y EE. UU. a México.
- **Importancia do plástico nos vehículos:** pasando de ter un 10 % deste material en 2010 a un 15% en 2020 (CLAUT), espérase que esta porcentaxe suba ó 25 % para 2030. Por isto, é un dos materiais máis requeridos no mercado das autopartes.

3. Acceso ó mercado

3.1 Canles de Distribución

A industria automotriz integra varios axentes do ámbito privado, como fabricantes de vehículos, fabricantes de equipos e compoñentes, distribuidores, concesionarios de vehículos, talleres de reparación e servizos posventa, e despezamento e empresas recicladoras, aínda que en certos casos non tódolos axentes participan no fluxo comercial.

¹ [Textos finais del Tratado entre México, Estados Unidos y Canadá \(T-MEC\) | T-MEC | Gobierno | gob.mx \(www.gob.mx\)](#)

Por este motivo vanse diferenciar dous tipos de mercado, o mercado de primeiro equipo e o mercado de recambio.

- **Mercado de primeiro equipo:** é o mercado de distribución dos produtos fabricados polas empresas de Tier 1, e á súa vez, podémolo dividir en dúas vías de distribución diferentes:
 - Entrega directa ás armadoras ou fabricantes de vehículos.
 - A través de distribuidores.

A estratexia dominante utilizada no mercado adoita ser a directa, da empresa de autopartes (Tier 1) á armadora (OEM). En cambio, as fases iniciais dunha empresa no país adoitan ligarse a *joint ventures* ou distribuidores.

- **Mercado de recambio:**
 - **Recambios orixinais:** Productos de calidade similar ós utilizados para o montaxe dos vehículos que se fabrican seguindo as especificacións e normas de produción establecidas pola armadora.
 - **Recambios de calidade equivalente:** Fabricados por calquera empresa que certifique que presentan a mesma calidade que os compoñentes que se utilizan orixinalmente para a montaxe dos vehículos.
 - **Accesorios:** Pezas que xeralmente non se incorporan de serie nos vehículos, para a súa personalización.
 - **Comercial:** Empresas distribuidoras, sen fabricación propia.

Ademáis destas dúas canles máis tradicionais que se analizaron, deberíase de tener en conta o gran impulso que experimentou o **comercio electrónico**. As empresas están adaptando rápidamente os seus modelos de negocio para aproveitar as novas oportunidades que se poidan xerar. Durante a pandemia, a participación de vendas de automóbiles da canle *online* duplicouse, chegando ó 15 %. Segundo un estudio de J.D Power México, xa antes da pandemia, o **87 %** dos usuarios que adquiriron vehículos novos utilizou a canle *online* no proceso de compra, pero este segmento encontrábase desatendido.

Estanse a crear estratexias basadas en experiencias totalmente dixitais de compra de automóbiles que apostan polo *inbound marketing*, que integran validacións de inventario en tempo real e transaccións en liña, como Kwid de Renault. Outras compañías aproveitaron plataformas líderes do *retail* como Mercado Libre ou Amazon para realizar parte do proceso da compra do vehículo a través dun *marketplace*, casos de Nissan e Volkswagen. Ademáis, están a xerarse importantes alianzas de empresas do sector con líderes de plataformas de pago do *retail*: Renault con PayPal, Nissan con Mercado Pago e Volkswagen con Amazon pay, son algúns exemplos.

En canto ás autopartes, as vendas *online* están tendo un enorme crecemento recentemente, non só en plataformas especializadas como *MásRefacciones* ou *Mi Refacción*, senón tamén en plataformas xeneralistas como Mercado Libre, cuxas vendas de autopartes creceron un 63 % no 2021. Nesta plataforma, os compradores B2B representan o 16 % nesta categoría, pero o 54 % das vendas (Portal Automotriz). Outras plataformas de gran importancia para o sector son Amazon e eBay.

3.2 Barreiras reglamentarias e non reglamentarias

Existen certos aspectos a ter en conta á hora de exportar a México. Anteriormente comentouse que no marco do **Tratado de Libre Comercio entre México e a Unión Europea** (TLCUEM), dende o ano 2000 a maioría dos produtos industriais fabricados e importados da UE están **exentos de arancel**. Os requisitos de importación e aranceis aplicables a diferentes mercancías pódense consultar ca partida arancelaria a 8 díxitos na web do Sistema de Información Arancelaria Vía Internet da Secretaría de Economía (<http://www.economia-snci.gob.mx/>). Algúns requisitos que afectan á exportación de autopartes a México son os seguintes:

- Norma Oficial Mexicana **NOM-050-SCFI-2004 DE 28/IV/04**². Secretaría de Economía. (D.O. 1/VI/04). Requisitos de rotulado. Información comercial de produtos destinados ós consumidores no territorio nacional.
- Norma Oficial Mexicana **NOM-119-SCFI-2000 de 15/III/00**³: Especificacións de seguridade e métodos de proba. Requisitos de etiquetado.
- Permiso da **SEDENA** – Secretaría da Defensa Nacional: no seguinte enlace⁴ poden consultarse as mercancías cuxa importación está suxeita a regulación por parte da SEDENA.
- **NOM-086/1-SCFI-2011**⁵: Especificacións de seguridade e métodos de proba para lamias de calquera capacidade de carga.
- **NOM-086-SCFI-2018**⁶: Especificacións de seguridade e métodos de proba para lamias de construción radial.

Ademáis de asegurarse de cumprir cos requisitos legais anteriores, se aconsella tamén contar cun **axente aduanal** experimentado que especifique os documentos necesarios antes de iniciar calquera trámite de exportación e a inscrición no **padrón de importadores**, no cal a automoción representa un dos sectores específicos.

3.3 Incentivos e axudas ó sector

Existen certos mecanismos de axuda para empresas localizadas no país no sector de autopartes e automoción:

- **Programa IMMEX**⁷: É un instrumento de fomento das exportacións dende o territorio mexicano para empresas que realicen procesos industriais destinados á elaboración, transformación ou reparación

² [SINEC](#)

³ [scfi0119.PDF \(itesm.mx\)](#)

⁴ [DOF - Diario Oficial da Federación](#) – Permiso de la SEDENA

⁵ [NORMA Oficial Mexicana NOM-086/1-SCFI-2011, Industria hulera-Lamias novas, de construción radial que son empregadas en vehículos cun peso bruto vehicular superior a 4 536 kg \(10 000 lb\) e lamias de construción diagonal de calquera capacidade de ca \(dof. gob. mx\)](#)

⁶ [DOF - Diario Oficial da Federación](#) - NOM-086-SCFI-2018

⁷ [Autorización do Programa IMMEX para empresas industriais do goberno \(www.gob.mx\)](#)

e/ou á prestación de servizos de exportación. Brinda ós titulares a posibilidade de importar mercancías en réxime temporal, diferindo o pago do imposto xeral de importación, do IVE, e en caso de existir, das cotas compensatorias. É susceptible calquera persoa ou empresa produtora residente en territorio nacional e/ou prestadora de servizos de exportación, interesada en importar ou exportar mercadorías, co compromiso de exportar 500.000 USD ou o 10 % da súa facturación total directa o indirectamente.

- **Certificación de empresas:** As empresas que contan cun programa IMMEX poden diferir o IVE ca Certificación en materia de IVA-IEPS⁸, ca que terán acceso a créditos en ditos impostos ó realizar importacións temporais ó amparo do programa. Tamén poderán solicitar unha certificación de Operador Económico Autorizado (OEA)⁹ co fin de ter outros beneficios loxísticos e administrativos.
- **Decreto para o apoio da competitividade da industria automotriz terminal e o impulso ó desenvolvemento do mercado interno de automóbiles¹⁰:** Seu obxectivo é apoiar a competitividade da industria automotriz, dando beneficios como ser considerados empresa fabricante nos termos da Lei Aduaneira, que outorga incentivos á inversión para o establecemento de instalacións produtivas de fabricación de vehículos lixeiros. Para obter estes beneficios, as empresas deben rexistrarse como produtoras de vehículos automotores lixeiros e acreditar o cumprimento dos requisitos previstos nel, e nas súas Regras de Aplicación.
- **PROSEC (Programas de promoción sectorial)¹¹:** Instrumento dirixido a produtores implantados en México de determinadas mercadorías, ós que se lles permite importar, en réxime temporal ou definitivo, con arancel *ad valorem* preferencial, diversos bens para o seu uso na elaboración de produtos específicos, independentemente do fin das mercadorías (exportación ou mercado nacional).
 - Regra 8ª: permiso especial que a Secretaría de Economía outorga especificamente a fabricantes que contan previamente cun PROSEC para importar mercadorías relacionadas cos seus procesos produtivos, co Imposto Xeral de Importación *ad valorem* a unha taxa arancelaria preferencial, cando as mercadorías que desexen importar non se encontren listadas no seu sector PROSEC autorizado, sempre que xustifiquen que non poden adquirir a mercadoría en territorio mexicano.

⁸ [Rexistro no Esquema de Certificación de Empresas, Modalidade IVE e IEPS - Comercio exterior - Portal de trámites e servizos - SAT](#)

⁹ [Rexistro no esquema de certificación de empresas, modalidade operador económico autorizado - Comercio exterior - Portal de trámites e servizos - SAT](#)

¹⁰ [DOF - Diario Oficial da Federación](#)

¹¹ www.siicex.gob.mx/portalSiicex/Transparencia/prosec/prosec-infgeneral.htm

4. Feiras e eventos

Resumo de feiras e eventos do sector automoción en México 2022				
Nome do evento	Data	Mes	Lugar	Modalidade
Manufactura de autopartes	15, 16 y 17	Febrero	Monterrey	Presencial
Proveedor Automotriz 2022	7, 8 y 9	Junio	Monterrey	Híbrida
INA PAACE Automechanika 2022	13, 14 y 15	Julio	Ciudad de México	Presencial
Expo Internacional RUJAC	31, 1 y 2	Agosto y Septiembre	Jalisco	Presencial
XX Congreso Internacional de la Industria Automotriz en México	18 y 19	Octubre	Ciudad de México	Presencial
México Auto Industry Summit	7 y 8	Diciembre	León	Presencial

Para máis información pódense consultar as seguintes ligazóns:

- [Proveedor Automotriz 2022](#)
- [INA PAACE Automechanika 2022](#)
- [Expo Internacional RUJAC](#)
- [XX Congreso Internacional de la Industria Automotriz en México](#)
- [Mexico Auto Industry Summit](#)

5. Empresas galegas de autopartes en México

- Aludec
- Carrocerías Alcón
- Grupo Empresarial Copo SA
- Hispamoldes SA
- Marsan Transformaciones Superficiales SL